CIRCULAR INFORMATIVA.

Probas de PAU do 2027 da materia de Historia da Arte, código 33

O grupo de Historia da Arte informa que, de cara ás vindeiras probas da PAU de 2027, atendendo as disposicións das autoridades educativas de manter o modelo da proba por parte do Ministerio e a obriga de axustar os contidos do currículo -salvo instruccións noutro sentido– á normativa de referencia (LO 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a LO 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), RD 423/2022, de 5 de abril, polo que se regula a ordenación e as ensinanzas mínimas de bachelerato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro que define a ordenación e o currículo de Bachelerato na Comunidade Autónoma de Galicia), establece os seguintes criterios de conformación da proba:

1.- **Mantense a relación de conceptos xa establecidos**, concorrentes co bloque 1: "Aproximación á historia da arte".

2.- **Mantense o número e selección das obras nas que se debe facer especial incidencia**, xa que maioritariamente cubren o recollido nos bloques 2, 3 e 4 ("A arte e as súas funcións ao longo da historia: da Antigüidade á Modernidade","A arte e as súas funcións na contemporaneidade", "Realidade, espazo e territorio na arte").

Agás as obras que se correspondan co indicado no punto 3 desta circular.

3.-Malia o establecido no punto anterior, no que respecta ao **bloque 2** ("A arte e as súas funcións ao longo da historia: da Antigüidade á Modernidade") **a selección de obras será substituida polos seguintes temas relativos ao desenvolvemento da arte europea no mundo moderno**.

Tema 1. O Renacemento en Italia. Arquitectura.

Especifíquense as características da arquitectura renacentista italiana e explíquese a súa evolución, dende o Quattrocento ao Manierismo.

Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Alberti, Brunelleschi, Bramante, Miguel Ánxp, Vignola e Palladio.

Tema 2. O Renacemento en Italia. Pintura.

Especifíquense as características da pintura renacentista italiana e explíquese a súa evolución, dende o Quattrocento ao Manierismo.

Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Leonardo, Rafael, Miguel Anxo e Tiziano.

Tema 3. O Renacemento en Italia. Escultura.

Especifíquense as características da escultura renacentista italiana e explíquese a súa evolución, dende o Quattrocento ao Manierismo.

Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Ghiberti, Donatello, Miguel Ánxo e Cellini.

Tema 4. O Renacemento en España.

Especifíquense as características do Renacemento en España e explíquese a súa evolución, sinalando os autores e obras máis representativos.

Menciónense os seguintes autores e algunha das súas obras: arquitectura (Rodrigo Gil de Hontañón, Pedro Machuca e Andrés de Vandelvira); escultura (Juan de Juni, Alonso de Berruguete); pintura (Alonso Sánchez Coello, Luís Morales, Juan de Juanes, Sofonisba Angisola).

Tema 5. O Greco e San Lourenzo do Escorial.

Explíquense as características da pintura do Greco a través das súas obras máis representativas.

Explíquense as características de San Lourenzo do Escorial.

Tema 6. O Barroco en Europa. Arquitectura.

Especifíquense as características da arquitectura barroca en Europa, con especial atención a Italia , e explíquese a súa evolución.

Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Maderno, Bernini, Borromini, Le Vau, Mansart e Le Nôtre.

Tema 7. O Barroco en Europa. Pintura.

Especifíquense as características da pintura barroca en Europa, con especial atención a Italia, e explíquese a súa evolución.

Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Caravaggio, A. Carracci, G. B. Gaulli, Artemisia Gentileschi, Rubens e Rembrandt.

Tema 8. O Barroco en Europa. Escultura.

Especifíquense as características da escultura barroca en Europa, con especial atención a Italia, e explíquese a súa evolución.

Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Bernini, Algardi.

Tema 9. O Barroco en España. Arquitectura.

Especifíquense as características da arquitectura barroca en España e explíquese a súa evolución.

Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Juan Gómez de Mora, José B. Churriguera, Pedro de Ribera, Fernando de Casas y Novoa.

Tema 10. O Barroco en España. Pintura.

Especifíquense as características da pintura barroca en España e explíquese a súa evolución.

Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Ribera, Velázquez, Zurbarán e Murillo.

Tema 11. O Barroco en España. Escultura.

Especifíquense as características da escultura barroca en España e explíquese a súa evolución.

Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Gregorio Fernández, Alonso Cano, Pedro de Mena e Luisa Roldán.

4.- A estrutura da proba constará de **catro preguntas** ás que **o/a alumno/a debe respostar obrigatoriamente**.

5.- A primeira pregunta será de conceptos a partir dun contexto visual e textual (2 puntos). Esta pregunta non contará con optatividade.

6.- A segunda será enunciada do seguinte xeito: **Redacción dun artigo divulgativo de 400 palabras**, a partires dun contexto dado (2 puntos). Esta pregunta fará referencia aos temas correspondentes ao bloque 2 “A arte e as súas funcións ao longo da historia: da Antigüidade á Modernidade”. En particular ós temas 1 ó 11.

7.- A terceira e cuarta preguntas formularanse do seguinte xeito: **Analice o tratamento formal, iconolóxico e estilístico dunha das obras propostas a continuación.** Como no programa constantemente reitérase “identifica, analiza e comenta” seguiremos mantendo a identificación, é decir clasificación de autor, nome da obra, estilo e

cronoloxía (1 punto); encadramento histórico e artístico e análise e comentario (2 puntos).

A pregunta 3 fará referencia as obras correspondentes ao bloque 2 “A arte e as súas funcións ao longo da historia: da Antigüidade á Modernidade”.

A pregunta 4 fará referencia ás obras correspondentes aos bloques 3 e 4 :”A arte e as súas funcións na contemporaneidade” e “Realidade, espazo e territorio na arte”.

8.- A estrutura do exame quedaría do seguinte xeito:

1.- Conceptos a partir dun contexto (2 puntos, 0,5 por concepto).
2.- Redacción dun artigo divulgativo (2 puntos).
3.- Análise de dúas láminas mediante dous apartados (3 puntos cada lámina):
    a. Identificación, título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento. (1punto).
    b. Encadramento no contexto histórico-artístico e análise formal, estilística e iconolóxica. (2 puntos).

Para calquera dúbida podedes contactar conmigo.

Santiago de Compostela, a 21 de setembro de 2027

Juan M. Monterroso Montero.